



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

O Instituto da Lingua Galega (de aquí en diante ILG) é un instituto universitario de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela (de aquí en diante USC).

O ILG cumpre os requisitos establecidos no artigo 58º dos Estatutos da USC vixentes, relativo aos Institutos Universitarios: é un centro destinado á investigación científica e técnica da lingua propia de Galicia, presta asesoramento técnico sobre esta materia, promove a formación científica e técnica neste ámbito, organiza cursos e encontros de carácter científico e está capacitado para realizar actividades docentes especializadas e de doutoramento.

A acta fundacional do ILG é de 26 de xullo de 1971 e contén os seus primeiros estatutos. Nas últimas décadas, a sede do ILG ocupa o edificio histórico coñecido como Edificio López Ferreiro. Desde a súa creación este Instituto vén desenvolvendo ininterrompidamente traballos de investigación sobre a lingua galega, de difusión do seu coñecemento e de impulso da súa normalización social. Os investigadores e equipos formados no ILG contribuíron de maneira fundamental a desenvolver a investigación en lingüística galega, a difundir o coñecemento sobre a lingua e a promover a súa normalización na sociedade, ademais de desempeñaren un papel central na codificación do galego escrito. O labor realizado durante estes anos levou o ILG a ser unha institución de referencia e de prestixio, non só dentro da USC e da sociedade galega en xeral, senón tamén entre os investigadores doutros ámbitos, españois e estranxeiros.

Na actualidade o ILG reafirmase no seu compromiso coa innovación e o desenvolvemento da investigación lingüística, coa divulgación de coñecemento e coa promoción da normalización social do galego, como forma de contribuír ao desenvolvemento científico, cultural e social de Galicia.

Salvo nos títulos, neste documento utilízase o xénero gramatical masculino de forma extensiva, de acordo coas regras da gramática, sen que iso supoña desmaio, por parte do ILG, no apoio aos cambios sociais que favorezan a visibilidade das mulleres en todos os ámbitos da sociedade, e do mundo da docencia e da investigación en particular.

TITULO I DA NATUREZA E OS OBXECTIVOS DO ILG

Artigo 1º

O Instituto da Lingua Galega configúrase como un Instituto universitario propio, dedicado especialmente á investigación no campo da lingua galega en tódolos seus aspectos. Ademais, está capacitado para levar a cabo docencia de doutoramento e de especialización, e para prestar asesoramento técnico no marco da súa competencia.

Artigo 2º

O ILG rexerese pola lexislación estatal e autonómica de aplicación e mais polo disposto nos Estatutos da USC e neste regulamento.

Artigo 3º.- Obxectivos

Os obxectivos do ILG son:

- a) Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas.
- b) Poñer á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.
- c) Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para a difusión dos seus resultados.
- d) Realizar actividades docentes de doutoramento, de posgraao e de especialización relacionadas coa lingua galega, en coordinación co Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- e) Desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega, en especial no eido do ensino non universitario e dos medios de comunicación.
- f) Prestar asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega, e dun modo especial aos membros da USC.
- g) Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.
- h) Contribuír á normalización da lingua galega na sociedade.

Artigo 4º.- Relacións de colaboración

O ILG poderá establecer relacións de colaboración con outros institutos,

departamentos e centros da USC ou doutras universidades, así como con outros grupos de investigación, centros, institucións e organismos, públicos ou privados, de dentro e de fóra do ámbito universitario, que resulten de interese para a consecución dos seus obxectivos, de acordo coas normas vixentes para a formalización de contratos e convenios.

TÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 5º

O ILG ten órganos de goberno colexiados e individuais. Os órganos colexiados son a Xunta de Goberno, o Consello Científico e a Comisión Permanente. Os órganos individuais son o Director e o Secretario.

A Xunta de Goberno

Artigo 6º.- Composición

A Xunta de Goberno do ILG está formada por:

- a) O Reitor da USC ou o Vicerreitor en quen delegue, que actuará como presidente.
- b) O Vicerreitor da USC con competencias en materia de investigación.
- c) Un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou do departamento con competencias nesta materia dentro da administración autonómica.
- d) Un representante do departamento ou departamentos da Xunta de Galicia con competencias en materia de investigación.
- e) Un representante da Real Academia Galega.
- f) Un representante do Consello da Cultura Galega.
- g) Un representante da Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- h) O Decano da Facultade de Filoloxía da USC.
- i) O Director do Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- j) O Director do Instituto da Lingua Galega.
- k) O Secretario do Instituto da Lingua Galega, que actuará tamén como secretario da Xunta.

Artigo 7º.- Funcións

Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Elixir o director do ILG tras a proposta do Consello Científico e, de darse o caso, propoñerlle a súa remoción ao reitor, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.
- b) Propoñerlle o orzamento e a programación anuais do Instituto ao Consello de Goberno da USC.
- c) Aprobar a memoria de actividades e a memoria económica anuais, das que se dará conta ao Consello de Goberno da USC.
- d) Promover o financiamento e a dotación necesarios para o normal funcionamento do Instituto e para a consecución dos seus obxectivos.
- e) Propoñer ao Consello de Goberno da USC a modificación do presente regulamento de acordo co preceptuado no seu Título VI.
- f) Resolver sobre aquelas cuestións que o Consello Científico someta á súa consideración.

Artigo 8º.- Funcionamento

1. A Xunta de Goberno reunirse polo menos unha vez ao ano en sesión ordinaria, convocada polo seu presidente, e con carácter extraordinario sempre que se considere necesario, por iniciativa do presidente ou a pedimento dun terzo dos seus membros.

2. Para a súa constitución e funcionamento, a Xunta de Goberno do Instituto da Lingua Galega rexerese polo establecido nos Estatutos da USC para os órganos de goberno colexiados.

O Consello Científico

Artigo 9º

O Consello Científico é o órgano ordinario de goberno do Instituto da Lingua Galega encargado de programar e supervisar a súa actividade investigadora e docente.

Artigo 10º.- Composición

O Consello Científico está formado por:

- a) O Director do ILG, que o convocará e presidirá.
- b) O Secretario do ILG, que o será tamén do Consello Científico.
- c) Todos os membros doutores do Instituto pertencentes á USC.
- d) Os investigadores colaboradores con título de doutor, sempre que non superen o 33% do total de membros do Consello Científico.

- e) Unha representación dos membros non doutores do Instituto nunha proporción do 15% do total de membros do Consello. Esta representación distribuirase de modo proporcional entre os diferentes sectores que integran este colectivo: (1) investigadores non doutores, (2) titulados en período de formación investigadora e (3) persoal de apoio á investigación. Os representantes serán elixidos polos sectores correspondentes entre os seus membros.

Artigo 11º.- Funcións

Son funcións do Consello Científico:

- a) Elaborar a programación da actividade investigadora, docente e de asesoramento técnico do Instituto, propoñela para a súa aprobación á Xunta de Goberno e velar pola súa execución.
- b) Emitir informe sobre o orzamento anual do Instituto.
- c) Emitir informe sobre as súas memorias de actividades e económica.
- d) Propoñerlle á Xunta de Goberno o nomeamento ou a remoción do director do Instituto.
- e) Aprobar a incorporación ou o cesamento de membros do persoal científico por acordo da maioría dos seus membros.
- f) Aprobar a creación ou a supresión das Seccións e designar os seus responsables.
- g) Elixir os seus representantes na Comisión Permanente, así como aprobar a creación de comisións delegadas e designar os seus membros.
- h) Aprobar as propostas de novos proxectos que se pretendan vincular ao Instituto.
- i) Emitir informe sobre os contratos e convenios con outros organismos, institucións ou empresas.
- j) Aprobar a convocatoria de bolsas ou contratos con cargo aos orzamentos do Instituto.
- k) Promover diante da Xunta de Goberno a modificación do Regulamento de Réxime Interno.
- l) Adoptar calquera outro tipo de acordos relativos ao funcionamento ordinario do Instituto que o presente Regulamento e a lexislación vixente non atribúan expresamente a outros órganos.

Artigo 12º. Funcionamento

1. O Consello Científico reunirase en sesión ordinaria un mínimo de tres veces

ao ano en período lectivo. Ademais, sempre que sexa necesario celebraranse sesións extraordinarias, ben por iniciativa do director ben por petición dun 20% dos seus membros.

2. A convocatoria coa orde do día da sesión deberá estar en poder dos membros do Consello Científico cunha antelación mínima de tres días hábiles, prazo no que tamén deberá estar ao seu dispor a documentación ou información relacionada cos asuntos da convocatoria.

3. A orde do día das sesións ordinarias fixaraa o director, asistido polo secretario. Entre os seus puntos deben figurar obrigatoriamente a aprobación da acta ou actas anteriores, así como os asuntos de trámite e os rogos e preguntas.

4. A orde do día das sesións extraordinarias fixaraa o director, cando se convoquen por iniciativa súa, ou os membros do Consello que promovan a súa convocatoria.

5. Os membros do Consello científico poderán propoñerlle á Dirección a inclusión de puntos na orde do día dunha sesión. As propostas avaladas pola sinatura dun 20% de membros do Consello terán que ser incluídas na orde do día da sesión inmediata. Noutros casos, o director decidirá sobre a pertinencia da súa inclusión.

6. As sesións do Consello Científico quedan constituídas validamente en primeira convocatoria ao estaren presentes polo menos a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria, co vinte e cinco por cento dos membros. Para a constitución válida do órgano teñen que estar presentes o Presidente e o Secretario, ou persoas que legalmente os substitúan.

7. O Secretario levantará acta de cada sesión, especificando a orde do día, lugar e data, asistentes e puntos principais das deliberacións, xunto cos acordos adoptados. As actas das sesións aprobaranse na seguinte sesión ordinaria e serán asinadas polo Director e Secretario.

8. O Consello Científico poderá delegar en Comisións o estudo e informe sobre as actividades docentes e investigadoras do Instituto.

A Comisión Permanente

Artigo 13º

A Comisión Permanente ten como función a toma de decisión sobre asuntos relacionados coa xestión cotiá do Instituto que pola súa entidade ou urxencia o

director decida someter á súa consideración.

Artigo 14º.- Composición

A Comisión Permanente está formada por:

- a) O director do Instituto, que a presidirá e convocará.
- b) O secretario do Instituto, que o será tamén da Comisión.
- c) Tres membros do Consello Científico elixidos por este, dos que polo menos dous serán doutores.

Artigo 15º.- Funcionamento

A Comisión Permanente reunirse por convocatoria do director e baixo a súa presidencia. Dos acordos adoptados pola Comisión Permanente darase conta na primeira sesión ordinaria que celebre o Consello Científico.

O Director

Artigo 16º

O director será elixido pola Xunta de Goberno do ILG, por proposta do seu Consello Científico, entre os profesores doutores da USC con dedicación a tempo completo que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72.1 dos Estatutos da USC e formen parte do Consello Científico.

Artigo 17º

O director ocupará o cargo por un período de catro anos e poderá ser reelixido, sempre de acordo co que establezan os Estatutos da Universidade para os órganos unipersoais electivos.

Artigo 18º.- Funcións

Correspóndelle ao director do Instituto:

- a) Convocar e presidir as reunións do Consello Científico, executar os seus acordos e representalo diante da Xunta de Goberno.
- b) Representar o Instituto dentro do ámbito da súa competencia.
- c) Elaborar as propostas de programación e orzamento.
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
- e) Proponerlle ao reitor o nomeamento do secretario.
- f) Dirixir e coordinar as actividades do Instituto.
- g) Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

O Secretario

Artigo 19º

O secretario do Instituto será nomeado polo reitor, por proposta do director, entre os membros doutores do Instituto con dedicación a tempo completo e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72.1 dos Estatutos da USC.

Artigo 20º.- Funcións

Correspóndelle ao secretario do Instituto:

- a) Redactar as actas das sesións da Xunta de Goberno, do Consello Científico e da Comisión Permanente.
- b) Custodiar os arquivos e a documentación administrativa do Instituto.
- c) Expedir as certificacións dos actos e acordos dos órganos de goberno.
- d) Supervisar o labor do persoal de administración e servizos.
- e) Auxiliar o director nas súas funcións.
- f) Coordinar o grupo ou grupos de investigación do Instituto.

TITULO III DO PERSOAL

Artigo 21º

O cadro de persoal científico básico do ILG constitúeno:

- a) Profesores-investigadores da USC que realizan proxectos de investigación sobre a lingua galega.
- b) Investigadores contratados para programas específicos e persoal de apoio á investigación.
- c) Titulados en período de formación investigadora integrados nos equipos de investigación do ILG.

Tamén poderán formar parte do persoal científico do ILG, en calidade de investigadores colaboradores:

- a) Profesores-investigadores doutras universidades ou doutros centros de investigación que colaboren asiduamente en proxectos ou programas do ILG.
- b) Investigadores non pertencentes á comunidade universitaria que sen relación contractual colaboren asiduamente en proxectos ou programas dalgunha sección do ILG.

Poderán ter a condición de colaboradores os estudantes da Facultade de Filoloxía da USC ou doutros centros con algunha vinculación ás liñas de investigación desenvolvidas no ILG.

Artigo 22º

O persoal científico vincúlase ao ILG a través dun proxecto de investigación sobre a lingua galega enmarcado dentro da programación aprobada polo Consello Científico.

Os profesores-investigadores da USC ingresan a petición propia, que debe ser estudada e aprobada polo Consello Científico. Cesan por petición propia ou por acordo do Consello Científico. A desvinculación de proxectos do ILG por un período superior a dous anos entenderase como unha petición de renuncia, salvo xustificación do interesado diante do Consello Científico.

Os investigadores contratados, investigadores en formación e persoas de apoio á investigación ingresan e cesan nas datas marcadas nos respectivos nomeamentos ou contratos.

Os investigadores colaboradores ingresan por acordo do Consello Científico, por proposta do investigador principal do proxecto realizada co consentimento do interesado. Poderán cesar por petición propia, por acordo do Consello Científico ou cando remate o período de colaboración.

Artigo 23º

Os profesores da USC integrados no ILG manterán as súas obrigas docentes na USC. A súa dedicación ao Instituto afectará só á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar docencia de doutoramento ou de especialización no ILG. A dedicación ás actividades de xestión, docencia e investigación do ILG poderá tomarse en consideración no cómputo das súas obrigas na USC, segundo estableza a normativa vixente de dedicación do profesorado.

Artigo 24º

O ILG ten persoal de administración e servizos, adscrito pola Reitoría da USC dentro do cadro de PAS da Universidade.

TÍTULO IV DA ORGANIZACIÓN INTERNA

Artigo 25º

Para un mellor cumprimento dos seus obxectivos, o Instituto da Lingua Galega

dotarase dunha estrutura organizativa e de recursos adecuada ás actividades 0
que desenvolve. Para isto organizarase en Seccións e Unidades.

Artigo 26º.- As Seccións

1. As Seccións son unidades organizativas en que se integran proxectos e liñas de investigación afíns dentro do campo da lingüística galega. Eventualmente as Seccións responsabilizaranse das actividades docentes relacionadas cos seus perfís.

2. As Seccións crearanse ou suprimíranse por acordo do Consello Científico, que designará tamén o seu coordinador. Sen prexuízo das modificacións que se poidan producir no futuro, establécense inicialmente as seguintes:

- a) Lexicografía
- b) Onomástica
- c) Terminoloxía e neoloxía
- d) Lingüística aplicada
- e) Fonética e fonoloxía
- f) Dialectoloxía
- g) Gramática
- h) Sociolingüística
- i) Historia da lingua e gramática histórica
- j) Edición de textos

Artigo 27º.- As unidades

1. As unidades son técnicas, infraestruturais e administrativas e serven de apoio á actividade investigadora e docente do Instituto.

2. Sen prexuízo das que se poidan dotar no futuro, o Instituto contará inicialmente coas seguintes:

- a) Biblioteca.
- b) Arquivo documental.
- c) Administración e xestión económica.
- d) Apoio informático.

3. Nestas unidades, de xeito exclusivo ou compartido, desenvolven a súa actividade as persoas que se adscriban ao ILG en calidade de persoal de administración e servizos.

4. A biblioteca do ILG é unha biblioteca de investigación que se rexerá por un regulamento de uso interno que será aprobado polo Consello Científico.

TITULO V
DO RÉXIME ECONÓMICO E MEDIOS MATERIAIS

1

Artigo 28º

O ILG terá orzamento propio de ingresos e gastos, que se integrará no Orzamento Xeral da Universidade.

Artigo 29º

A proposta de distribución do orzamento será elaborada anualmente polo Director e, despois de informada polo Consello Científico, someterase á aprobación do Consello de Goberno. Cos mesmos requisitos procederase á aprobación da liquidación do orzamento.

Artigo 30º

Serán ingresos do ILG:

- a) As cantidades que no orzamento da Universidade se lle adscriban anualmente.
- b) As cantidades que se poidan derivar de publicacións, así como de calquera servizo a entidades públicas ou privadas e persoas físicas.
- c) As cantidades recibidas en concepto de proxectos, convenios, contratos, infraestrutura e axuda á investigación polos equipos que teñen a súa sede no ILG.
- d) As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo outorgadas por entidades públicas ou privadas e persoas naturais.
- e) Os ingresos por asistencia a cursos, reunións científicas e outras actividades semellantes.

Artigo 31º

A instrumentación científica e demais medios materiais adquiridos con cargo ao orzamento do ILG formarán parte do patrimonio da USC e adscribiranse ao servizo deste Instituto. Existirá un inventario, sempre actualizado, de todos os medios dispoñibles.

TÍTULO VI
DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 32º

As propostas de modificación do presente Regulamento compétenlle á Xunta de Goberno do ILG, sempre de acordo cos Estatutos da Universidade.

Artigo 33º

2

Calquera proposta de modificación do Regulamento deberá constar na orde do día da convocatoria da sesión da Xunta de Goberno do ILG, expresándose na mesma o artigo ou artigos que se propón reformar.

Artigo 34º

A proposta de modificación deberá ir avalada por un terzo dos membros da Xunta de Goberno, e requirirá unha maioría de dous terzos dos membros do mesmo para a súa aprobación.

Artigo 35º

A reforma aprobada pola Xunta de Goberno do ILG deberá ser presentada ao Consello de Goberno da Universidade para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN FINAL

Primeira.- Corresponderá á Xunta de Goberno do ILG a facultade de interpretar o presente Regulamento e ditar as pertinentes normas aclaratorias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- A posta en funcionamento do presente Regulamento correspóndelle ao Consello Científico xa constituído conforme o regulamento vixente ata o momento.

Segunda.- O ILG deberá axustar o seu funcionamento ao presente Regulamento no prazo máximo de 12 meses desde o momento en que o aprobe o Consello de Goberno da Universidade.

Terceira.- Mentres non se produce a adaptación sinalada na disposición transitoria precedente, o ILG continuará coas mesmas competencias e estrutura con que conta no momento actual.